



Apertura prazo actualización de méritos e novas incorporacións da empresa Seaga

A empresa pública Seaga abre o prazo para actualizar méritos ou anotarse por primeira vez nas listas previas por categorías nas seguintes categorías:

- Enxeñeiro de montes
- Enxeñeiro técnico forestal
- Capataz
- Xefe de brigada
- Peón especialista
- Peón
- Emisorista
- Oficial administrativo
- Auxiliar administrativo

Na páxina web www.epseaga.com poden consultarse as normas xerais comúns a tódalas listas previas e as bases específicas de cada categoría.

O prazo para anotarse finaliza o **31 de outubro**.

Lugar de presentación das solicitudes:

- Nas **oficinas** de rexistro de **SEAGA**
- nas oficinas do **Organismo Estatal de Correos** mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía Fax, ó número 881 997 334, a copia da solicitude ó proceso de selección e o resguardo acreditativo de envío entregado ó cliente por correos)

Aspectos a ter en conta para a actualización de méritos:

Os / as integrantes das listas que só desexen actualizar méritos deberán achegar a documentación acreditativa dos ditos méritos que se axuste ó recollido nas bases específicas para a correspondente categoría profesional.

A actualización dos méritos serán computables ata o 30 de setembro de 2011.

No caso das persoas que prestaran ou presten servizos en SEAGA, a esa data, a actualización de méritos correspondentes ós períodos traballados na empresa farase de oficio por parte de SEGA.



O resto de listas previas por categorías distintas ás sinaladas máis arriba atópanse pechadas para novas solicitudes. As persoas integrantes das ditas listas previas pechadas poden presentar documentación acreditativa para a actualización de méritos segundo o sinalado neste apartado.

Renuncia a unha lista e modificación de datos:

As persoas integrantes dalgunha lista previa que non desexen seguir formando parte da dita lista poden presentar renuncia escrita ante o Director – Xerente de SEAGA, indicando a categoría profesional á que renuncian.

As persoas integrantes dalgunha lista previa que desexen modificar o ámbito territorial ou perfil profesional tamén poderán facelo.

Aspectos a ter en conta para novas incorporacións:

- Cada persoa poderá anotarse como máximo en dúas categorías.
- Dentro de cada categoría poden solicitarse un número máximo de perfís profesionais que variarán segundo a categoría (Por exemplo: peón máximo tres categorías, auxiliar administrativo máximo dúas) deben solicitarse mínimo un e máximo tres perfís profesionais.
- Poderán escollerse como máximo tres ámbitos territoriais dentro de cada categoría. Estes ámbitos variarán dependendo da categoría. Por exemplo para peón e peón especialista os ámbitos serán os distritos forestais mentres que as categorías administrativas serán de ámbito provincial e servizos centrais.
- Para poder anotarse é obrigatorio posuír unha titulación académica oficial, deben consultarse as bases específicas dentro de cada categoría nas que se recollen tanto a titulación oficial como outros méritos que se puntuán. A mínima titulación esixida é o Certificado de escolaridade ou titulación equivalente, para os postos de peón e peón especialista.
- É obrigatoria a acreditación de coñecementos do idioma galego, esixirase un nivel ou outro entre os Celga 1 e Celga 4 dependendo da categoría. As persoas que non teñan acreditación poden realizar un exame de tipo oral ó que serán convocadas unha vez formalizada a súa inscrición nas listas.

Documentación para novas incorporacións:

A **documentación** a presentar deberá ser **orixinal ou compulsada** (recomendámosvos que a entreguedes compulsada e quededes cos orixinais). Dependendo das distintas categorías pode haber algunhas variacións na documentación solicitada, por iso recoméndase consultar que documentación corresponde a cada categoría:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto cos seus correspondentes anexos segundo cada categoría
- Documento identificativo (DNI, pasaporte, NIE)
- Titulación académica oficial
- Certificado de lingua galega (o nivel solicitado variará segundo a categoría á que se opte). No caso de non dispoñer de acreditación poderá substituírse por un exame.
- Certificado de empadramento (só nalgunhas categorías)
- Informe de saúde ou certificado médico oficial
- Certificado de minusvalía
- Carné de conducir (en tódalas categorías agás nas de peón, auxiliar administrativo e oficial administrativo)
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen (experiencia, formación específica...). Consultar bases específicas para cada categoría

Méritos que se puntúan na categoría de peón:

- Experiencia profesional na categoría
- Formación:
 - En materia de prevención e defensa contra incendios forestais
 - Curso básico de prevención de riscos laborais
 - Cursos relacionados coa seguridade e mantemento de maquinaria forestal
 - Ter superado o módulo “Conservación e defensa de masas forestais” correspondente ó Ciclo Medio de Traballos Forestais e de conservación do medio natural ou o Módulo “Protección de masas forestais” correspondente ó Ciclo Superior de Xestión e Organización dos Recursos naturais e paisaxísticos.

Méritos que se puntúan na categoría de peón especialista:

- Os sinalados na categoría de peón e ademais
 - Curso conducción de vehículos todoterreo.